



**RESOLUCIÓN DO 1 DE FEBREIRO DE 2021, DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE DÁ PUBLICIDADE Á LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS E Á COMPOSICIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA NA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE XEFE/A DE GRUPO DE RADIODIAGNÓSTICO, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 22 DE NOVEMBRO DE 2019 (DOG Nº 230, DO 3 DE DECEMBRO)**

Por resolución do 22 de novembro de 2019 da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee (DOG nº 230, do 3 de decembro), convocouse, para a súa provisión polo sistema de concurso de méritos, un posto de Xefe/a de Grupo de Radiodiagnóstico.

Publicada o día 20 de outubro de 2020 a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as no devandito proceso e, unha vez rematado o prazo de presentación de reclamacións e/ou emendas, esta Xerencia, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 137/2019, do 10 de outubro (DOG nº 208, do 31 de outubro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, o Decreto 134/2019, do 10 de outubro (DOG nº 204, do 25 de outubro), polo que se regulan as Áreas Sanitarias e os Distritos Sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia, e a Orde do 22 de abril de 2020 (DOG nº 82, do 29 de abril), de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, modificada pola Orde do 25 de maio de 2020 (DOG nº 103, do 29 de maio),

**RESOLVE:**

**Primeiro.-** Elevar a definitiva a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no presente proceso de provisión, segundo se recolle no Anexo I desta resolución.

**Segundo.-** Publicar, como Anexo II, a composición da Comisión Técnica, de conformidade co previsto na Base Sexta da Convocatoria.

**DILIXENCIA:**

Para facer constar que con esta mesma data procédese a publicación da presente resolución.

A Coruña, 1 de febreiro de 2021

O DIRECTOR DE RR.HH.

SERVIZO GALEGO de SAÚDE  
DIRECCIÓN DE RECURSOS  
Asdo. Haverío Fernández Nistal

A Coruña, 1 de febreiro de 2021

O XERENTE

DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

Asdo. Luis Verde Remeseiro





ANEXO I

LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS

SOLICITANTE	DNI (*)	ESTADO
López Silva, Manuel Alberto	***2389**	Admitido
Rodríguez Villaverde, María Beatriz	***8446**	Admitida

(\*) Ocúltase parcialmente o número do documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal.



## ANEXO II

### COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN

Presidente	Antonio Fernández García (Director Asistencial – Área Sanitaria da Coruña e Cee)
Vogais	Javier Fernández Nistal (Director de RR.HH. - Área Sanitaria da Coruña e Cee)
	Guillermo Varela Bastida (Subdirector de RR.HH. - Área Sanitaria da Coruña e Cee)
Secretaria	Graciela Álvarez Portela (Xefa de Servizo de RR.HH. - Área Sanitaria da Coruña e Cee)

